



CULTURA CASTREXA

Entre os séculos VIII-VII a.C. prodúcese un cambio cultural entre os pobos do Bronce Final do Noroeste, cambio que, pouco a pouco, dará paso ao que nun sentido amplo denominamos Cultura Castrexa.

A Cultura Castrexa defínese, dende o punto de vista arquitectónico, por un tipo de asentamento moi característico: o castro. Trátase dun poboado fortificado asentado sobre un terreo facilmente defendible tal e como poden ser as penínsulas, os outeiros...etc.

Os seus medios de defensa, a parte dos accidentes xeográficos da súa localización, son fosos, terrapléns, murallas, sendo frecuente atopar tódolos medios combinados. A súa forma é xeralmente circular.

No interior dos castros non existe urbanismo. As casas de forma circular, elíptica e mesmo rectangular, constrúense preferentemente sobre chan natural plano; aínda que non é infrecuente atopar edificacións sobre terreos acondicionados expresamente para ese fin por medio de alicerces e terrazas.

Dentro da Cultura Castrexa pódense distinguir tres amplos períodos, pouco estudados de momento: Un Período Inicial ou de formación que comeza sobre os séculos VIII-VII a.C.. Un Período de desenvolvemento pleno entre os século IV e finais do século I a.C.. Un proceso de Romanización que abrangería desde o cambio de era ó século V d.C.

Castrexo inicial

Nas primeiras fases da cultura Castrexa, o bronce segue sendo empregado para construír ferramentas como no período anterior pero cunha evolución das formas. Pouco a pouco o Bronce foi substituído polas ferramentas de ferro, que se introduce no cambio cultural, quedando o Bronce relegado á fabricación de elementos de adorno no período de desenvolvemento pleno e de romanización.

Segue empregándose a pedra para a obtención de muiños e outros útiles sen que neste momento poidamos cuantificar a súa importancia.

O tecido da lá, e posiblemente de fibras vexetais, constátase pola presenza nos xacementos de fusaiolas que se empregaban para fiar cos fusos.

A cerámica segue a facerse a man.

Dende os comezos do período, constátase a xeralización do cultivo cerealeiro, sobre todo o do trigo e, en menor grao, o do millo miúdo que cada vez se testemuña con máis frecuencia nos xacementos. O castiñeiro vai ocupando maior superficie arborada e a landra séguese a recoller como complemento da alimentación humana, incluso no período galaico-romano ou final. A presenza dunha importante gandería está documentada, sobre todo a de vacas, ovellas e cabras. Tamén se explotan os recursos mariños coa pesca e o marisqueo.

Castrexo pleno

O torno de alfareiro que se comenza a usar no remate do período anterior chega a ser un elemento de uso corrente no Castrexo Pleno. A cerámica tamén experimenta outras modificacións; a súa decoración, xeométrica e lineal, segundo se vai impondo o cambio cultural, presenta grandes novidades con respecto á do Bronce Final.

A metalurxia, a ourivería e os intercambios comerciais, cada vez van ocupando un lugar máis importante dentro do sistema económico, sobre todo a finais do período, chegándose a importar cerámica de luxo, vidro,... etc. de lugares tan lonxanos como poden ser Grecia e Roma.

Os adornos persoais ou aderezos, de bronce, cerámica, pedras de cores,...etc. son moi numerosos.



CULTURA CASTREÑA

Entre los siglos VIII – VII a.C. se produce un cambio cultural entre los pueblos del Bronce Final del Noroeste peninsular que poco a poco dará paso a lo que, en un sentido amplio, denominamos Cultura Castreña.

La Cultura Castreña se define, desde el punto de vista arquitectónico, por un tipo de asentamiento muy característico, el castro. Se trata de un poblado fortificado asentado sobre un terreno fácilmente defendible tal y como pueden ser las penínsulas, las colinas... etc.

Sus medios de defensa, a parte de los accidentes geográficos de su localización, son fosos, terraplenes, murallas, siendo frecuente encontrar todos los medios combinados... Su forma es generalmente circular.

En el interior de los castros no existe urbanismo. Las casas de forma circular, elíptica e incluso rectangular, se construyen preferentemente sobre suelo natural plano, aunque no es infrecuente encontrar edificaciones sobre terrenos acondicionados expresamente para este fin, mediante cimientos o terrazas.

Dentro de la Cultura Castreña se pueden distinguir 3 amplios períodos poco estudiados de momento: Un período inicial o de formación que comienza sobre los siglos VIII – VII a.C. Un período de desarrollo pleno entre el siglo IV y finales del siglo I a.C. Un período de Romanización que abarcaría desde el cambio de era al siglo V d.C.

Castreño Inicial

En las primeras fases de la Cultura Castreña, el bronce sigue siendo empleado para construir herramientas, como en el período anterior, pero con una evolución de las formas. Poco a poco, el bronce fue sustituido por las herramientas de hierro, que se introduce en el cambio cultural quedando el bronce relegado a la fabricación de objetos de adorno en el período de desarrollo pleno y en el de romanización.

Sigue empleándose la piedra para la obtención de molinos y otros útiles, sin que en este momento podamos cuantificar su importancia.

El tejido de la lana, y , posiblemente, de fibras vegetales se constata por la presencia en los yacimientos de fusayolas que se empleaban para hilar con los husos.

La cerámica se sigue realizando a mano.

Desde los comienzos del período se constata la generalización del cultivo cerealero, sobre todo del trigo y en menor grado el del mijo que cada vez se encuentra con más frecuencia en los yacimientos. El castaño va ocupando mayor superficie arbolada, y la bellota sigue siendo recolectada como complemento de la alimentación humana, incluso en el período galaico – romano o final. La presencia de una importante ganadería está documentada, sobre todo la de vacas, ovejas y cabras. También se explotan los recursos marinos con la pesca y la recolección de moluscos.

La metalurgia, la orfebrería, los intercambios comerciales, cada vez van ocupando un lugar más importante dentro del sistema económico, sobre todo desde finales del período de desarrollo pleno.

Castreño pleno

El torno de alfarero, que empieza a utilizarse a finales del período anterior, llega a ser un elemento de uso corriente. La cerámica también experimenta cambios; su decoración, geométrica y lineal, a medida que avanza el período, presenta grandes novedades con respecto a la del Bronce Final.

La metalurgia, la orfebrería y los intercambios comerciales cada vez van cobrando más importancia dentro del sistema económico, sobre todo a finales del período y documentado por la presencia de cerámica ática y romana, junto a otros productos de importación, en los yacimientos.

Los aderezos y adornos personales de cerámica, bronce, piedras de colores, vidrios, etc. son muy numerosos.